



Vincent van Gogh

<u>PROCESO</u>	3
<u>TAREFAS</u>	4
<u>RECURSOS</u>	5

INTRODUCCIÓN



Nesta actividade imos buscar información relacionada cun dos grandes pintores da nosa historia: VINCENT VAN GOGH.

A súa historia é interesante e moi apaixonante, chea de anécdotas e cunha morea de cadros increíbles que aínda hoxe son considerados dos máis importantes do mundo.

A súa vida non foi sinxela xa que acabou morrendo pobre, algo tolo e sen ningún éxito como pintor aínda que hoxe é considerado un dos máis importantes da nosa historia.

Ademais, este ano celébrase o 125 aniversario da súa morte, por iso queremos que aprendades un pouco sobre este marabilloso autor a partires dunha nova web quest que vos susumerxirá no fascinante mundo de Van Gogh. Agardamos que aprendades moito e vos resulte interesante.

PROCESO



Esta actividade a podedes facer como máximo en grupos de 3 aínda que tamén se pode facer por parellas ou individualmente. Coma sempre, en caso de facelo en equipo, se vos pedirá que todos participades máis ou menos na mesma medida, xa que é máis importante aprender que facer o traballo sen entender nada.

A proba ten dúas partes: por un lado, vos pediremos datos e información de Vincent Van Gogh tanto da súa vida como da súa obra, tendo en conta que toda a información aparecerá nas páxinas web que aparecen no apartado de RECURSOS pero que podedes atopar a información en outros lugares. Por outro lado, deberedes buscar información doutros movementos artísticos pero esta parte non é avaliable, é dicir, consistirá máis en que nos digades outros autores ou autoras que vos gusten coa idea de facer futuras web quests outros anos. Así se vos pedirá que bisquedes información doutras épocas artísticas pero máis como disfrute que como parte da investigación.

As actividades a realizar aparecen no apartado de TAREFAS e alí atoparedes un documento que vos tedes que descargar e completar para ser entregado como tarefa final do traballo.

TAREFAS



As tarefas a realizar consisten en cubrir o documento que podedes atopar premendo no enlace que hai máis abaixo. Estas actividades teñen dous apartados:

O primeiro é responder ás preguntas sobre a vida e obra de Van Gogh que aparecen na primeira parte do documento.

A segunda é buscar información sobre outros autores doutras épocas e poñer de cada un deles a obra que máis vos guste ou que vos pareza máis interesante.

A primeira parte será a que avaliaremos e que terá unhas respostas pechadas. A segunda parte é libre e nos permitirá facer unha nova web quest o ano que vén sobre arte na que estudiemos aos autores que máis vos gusten.

WEB QUEST SOBRE VAN GOGH

RECURSOS



[BIOGRAFÍA DE VINCENT VAN GOGH – BIOGRAFÍAS Y VIDAS](#)

[GALERÍA VINCENT VAN GOGH](#)

[VIDA Y OBRAS DE VAN GOGH](#)

[ARTE ESPAÑA – VAN GOGH](#)

[8 CURIOSIDADES SOBRE VAN GOGH](#)

[MIRA CÓMO APRENDO. VAN GOGH PARA NIÑOS](#)

[VÍDEOS, CONTOS E DEMAIS](#)

[VAN GOGH, BUSCAR LA VIDA EN COLOR](#)

[UN DÍA EN LA VIDA DE VINCENT](#)

[27 CUADROS DE VAN GOGH CON MÚSICA DE BEETHOVEN](#)

[CUENTO: CAMILLE Y LOS GIRASOLES](#)